

CPI DO TOURAL

PROXECTO EDUCATIVO



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
XUNTA DE GALICIA
CÓDIGO DE CENTRO: 36013588
CPI DO TOURAL

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contextualización
 - 2.1. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural do contorno.
 - 2.2. O centro
 - Orixe
 - Oferta educativa
 - Profesorado, alumnado e persoal de servizos
 - Instalacións
 - Servizos complementarios
 - Características
3. Sinais de identidade
 - 3.1.- Confesionalidade
 - 3.2.- Lingua de aprendizaxe
 - 3.3.- Coeducación
 - 3.4.- Liña metodolóxica
 - 3.5.- Valores transversais
 - 3.6.- Atención á diversidade
4. Xestión do noso centro e estrutura organizativa
 - 4.1.- Órganos de goberno unipersoais e colexiados
 - 4.2.- Órganos de coordinación docente
 - 4.3.- Órganos de representación e participación
5. Difusión do proxecto educativo
6. Seguimento e avaliación deste proxecto educativo

1. INTRODUCCIÓN

Os centros educativos dispoñen de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o seu proxecto educativo. O Proxecto Educativo do CPI do Toural é o instrumento de planificación que define as notas de identidade do noso centro, concreta as intencións educativas e serve para darlles sentido e orientación ás actividades do centro. Pretende ser o documento programático e organizativo onde se enmarquen todos os demais documento de centro: as programacións didácticas, o Plan de Convivencia coas NOF (Normas de organización e funcionamento) e a Programación Xeral Anual (PXA), documentos onde se concretarán as nosas actuacións.

A finalidade do proxecto educativo do centro é a de plasmar de xeito coherente a actividade educativa adoptada despois dunha análise da realidade e do contorno socioeconómico e cultural onde radique o centro. Deberá dotar de coherencia e personalidade propia a cada comunidade escolar, expresando a opción asumida polos distintos sectores, e que identificará os valores e obxectivos básicos para os que estarán vinculadas as actividades do centro.

Este documento recolle os valores, os obxectivos y las prioridades de actuación. Asemade, incorpora a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias o módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

Dito proxecto, que deberá ter en conta as características do entorno social e cultural do noso centro, recolle a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, respectando o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos na lexislación educativa.

No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros elaborarán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Así, o obxecto do PE é servir de marco xeral e recoller os plantexamentos xerais do noso centro. O seu contido serán os principios de identidade e os obxectivos do centro a medio prazo e na súa elaboración e revisión está implicada toda a comunidade educativa.

Fundamentos e valores fundamentais do noso proxecto:

- A consideración das características do ámbito social e cultural do centro.
- A non discriminación.
- A inclusión educativa.
- Os principios e obxectivos recollidos na propia lexislación
- A publicidade perante a comunidade educativa

Partindo da análise das necesidades educativas específicas do noso alumnado e do contorno, así como dos principios de identidade do centro, este proxecto educativo inclúe:

1. A organización xeral do centro, que se orientará á consecución dos fins establecidos na lexislación educativa, estará fundamentada en base a:

- b) Os fins e as intencións educativas, de acordo coa identidade propia do noso centro.
- d) A **adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais** das tres etapas que se imparten no centro e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.
- e) **As Normas de Organización e Funcionamento NOF.**
- f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.
- g) As formas de **colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.**
- h) As formas de **colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do Concello de Vilaboa e outras institucións.**

O equipo directivo elaborará o proxecto educativo, de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro de Profesores e as xuntas de delegados.

O proxecto educativo así como as súas posibles modificacións será avaliado polo Consello Escolar.

O equipo directivo do centro procurará difundir o proxecto educativo de maneira que permita un mellor coñecemento del cara a orientar ao alumnado e ás familias, favorecendo deste xeito unha identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.

MARCO LEXISLATIVO

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 7/1999 que regula os Centros Públicos Integrados
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Modificación parcial desta orde (horarios) (DOG 06/07/2010).

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. ANALISE DO CONTEXTO DO CENTRO: SITUACIÓN XEOGRÁFICA E CULTURAL DA CONTORNA

O Centro Público Integrado do Toural está **situado** no lugar do mesmo nome, capital do concello de Vilaboa, provincia de Pontevedra.

Vilaboa **limita** ó norte e oeste co concello de Pontevedra, polo sur limita coa Ría de Vigo e polo oeste cos concellos de Marín e Moaña.

Trátase principalmente dun entorno rural, situado preto de núcleos urbanos próximos como Arcade (Concello de Soutomaior) e Moaña. Núcleos máis importantes como Pontevedra (a 8'5 km de distancia) e Vigo, relativamente preto, por atoparse ben comunicadas estas dúas localidades pola autovía do noroeste que atravesa o Concello de norte a sur.

Este concello ten 37'54 km. de **superficie** e o **número de habitantes** é case 6000, repartidos polas súas cinco **parroquias**: San Adrián de Cobres, Santa Cristina de Cobres, Vilaboa, Bértola e Figueirido.

O seu accidentado **relevo**, caracterízase por:

-Ter ó oeste do concello á Serra de Domaio na marxe esquerda da Ría de Vigo, con montes como o de Castiñeiras de 500 metros de altura con grandes masas forestais que serve de abastecemento á industria madeireira da zona.

-Unha extensa zona de costa litoral do fondo da Ría de Vigo, ó este do concello.

-Ten coma ríos máis importantes:

- a. Río Maior, que nace no Monte Castiñeiras, na parroquia de Santa Cristina e desemboca na ensinada de San Simón.
- b. Río Cova, que desemboca tamén na mesma ensinada
- c. O Río Tomeza, nas parroquias de Bértola e Figueirido, tamén chamado Río dos Gafos que desemboca na Ría de Pontevedra.

O seu **clima** está favorecido pola situación ó fondo da Ría de Vigo, está caracterizado pola suavidade das temperaturas inver nais e por unha relativa seca estival. Trátase dunha zona moi húmida, especialmente o lugar onde se enclava o centro por pasar cerca un regueiro e estar rodeado de masa arbórea.

Da **análise socioeconómica** do concello, podemos dicir que o sistema produtivo é diverso. A maioría das familias da zona dedícanse ó cultivo de pequenas extensión, á pesca e ó marisqueo (actividade a tempo parcial, moi practicada polas mulleres e nais dos nosos alumnos, e que constitúe unha aportación importante á economía familiar) .


Existen pequenas **industrias** madeireiras, moblerías, industria téxtil, conserveira,, pequenos talleres mecánicos, de construcións metálicas, serradoiros de pedra, etc. Gran parte da poboación activa traballa en industrias dos núcleos urbanos próximos como Vigo, Pontevedra, Arcade ou Moaña.

Os alumnos de infantil e primaria proceden principalmente da zona norte do concello, das parroquias de Vilaboa, Bértola e Figueirido, xa que os alumnos procedentes da zona sur (San Adrián de Cobres e Santa Cristina de Cobres) están escolarizados no CRA de Vilaboa Consuelo González Martínez e no CEP Plurilingüe de Riomaior onde cursan ata 6º curso de Educación Primaria.

Os alumnos de secundaria proceden de todo o concello, xa que este é o único centro educativo de Vilaboa que imparte a E.S.O.

Facer mención a unha singularidade do noso centro. Esta singularidade ven dada pola escolarización de alumnado de minorías étnicas. Esta realidade supón abordar dun xeito especial a multiculturalidade no noso centro, entendida como riqueza e como reto educativo.

No seguinte mapa aparece o concello coas súas cinco parroquias e 61 núcleos singulares de poboación, lugares de procedencia dos alumnos do centro.



1.BÉRTOLA

Barrios:

Outeiro, Sajosa e Santa Marta .

Lugares:

- 1.A Rialiña
2. Sabaxans
3. Ramalleira
4. Filgueira
5. Sta. Marta
6. Gandarón
7. Bértola
8. Pedrouzo
9. Rial
10. Cerqueiro
11. Amproa
12. Outeiro

2.FIGUEIRIDO

Barrios:

Bergunde, Alcouce e Balteiro

Lugares:

1. Croas
2. Balteiro
3. Borrateiros
4. O Pazo
5. Alcouce
6. Boullosa
7. Canabal
8. Bergunde
9. Casfalcón

3.VILABOA

Barrios:

Acuña, Outeiro, Cabadachán, Postemirón, Casaldesanta, Paredes e o Toural

Lugares:

1. Postemirón
2. A Grañas
3. A Carballeira
4. Casal da Sante
5. Cimadevila
6. Rio
7. Cabadachán
8. Coruxeiro
9. Outeiro do Gato
10. Casanova
11. Novas
12. Regureira
13. Paredes
14. Acuña
15. Canstenlo
16. O Outeiro
17. O Toural

2.2. O CENTRO

- Orixe

O **edificio** foi construído no ano 1976 comezando a funcionar no ano 1977 como cento de Educación Infantil e Primaria.

Foi remodelado, finalizando as obras ó inicio do curso 1999-2000, para a implantación da Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

- Oferta educativa

O centro imparte tres **etapas educativas**: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

O **número de unidades** por etapa é:

- dúas unidades de educación infantil
- seis unidades de educación primaria
- Na ESO, somos un centro liña dous, polo que o número de unidades é de 8.

- Alumnado, profesorado e persoal non docente

O **número de alumnos** do centro ronda cada curso os 350 alumnos.

O **número de profesorado** é de 42.

Persoal de administración e servizos:

- 1 Coidador
- 1 Conserxe
- 1 Administrativo
- 2 Persoal de limpeza

- Instalacións

A **distribución interna do centro** é como segue:

-Na planta baixa, onde está a entrada principal ó edificio conta con:

- Dúas aulas de educación infantil con baños
- Baños alumnado
- Baño adaptado
- Oito aulas de primaria
- Sala de usos múltiples

- Conserxería e fotocopiadora
- Sala de materiais
- Cuarto de almacenaxe
- Baños profesorado
- Sala de Caldeira
- Cafetería e comedor escolar
- Sala de profesores
- Secretaría e administración
- Dirección
- Xefatura de estudos de primaria e secundaria
- Departamento de Orientación
- Aula de pedagogía terapéutica
- Aula de Audición e Linguaxe
- Departamentos didácticos
- Biblioteca
- Sala de reunións

-No primeiro piso, o edificio conta con:

- Servizos para o alumnado
- Aulas de secundaria
- Aulas específicas de:
 - Música
 - Tecnoloxía
 - Informática
 - Educación plástica, visual e audiovisual
 - Laboratorio

- O edificio conta con ascensor e rampas de acceso, nas dúas entradas ao centro, non existindo barreiras arquitectónicas.

-As instalacións exteriores :

- Recinto escolar totalmente cerrado, con dúas portas de acceso con sistema de apertura automático.
- Patio cuberto.
- Pavillón, comunicado co edificio principal con un corredor cuberto.
- Unha pista multideporte
- Parque de xogos para o alumnado de educación infantil.
- Horta escolar
- Zona de compostaxe

- Estación meteorolóxica
- Zona de aparcamento

- Servizos complementarios

1. TRANSPORTE ESCOLAR

Practicamente a totalidade do alumnado do centro é transportado debido á dispersión xeográfica do noso concello.

O transporte funcionará durante o horario escolar con oito liñas que cubrirán a totalidade do Concello. Os luns pola tarde funcionarán as liñas necesarias para o transporte do alumnado da ESO e para que os rapaces de Primaria podan asistir ás actividades do programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí e PROA.

2. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

O servizo de comedor, xestionado pola Asociación de Nais e Pais (ANPA Toural), funciona todos os días de 13:45 a 16:00 horas cun servizo de catering a cargo da empresa Calidus Catering Service.

O número de usuarios do comedor escolar é variable, segundo os días da semana. Os luns, cando o alumnado da ESO ten clase pola tarde, son os días con máis afluencia de alumnado, polo que é necesario un desdoblamento do servizo de comedor con dous monitores e dúas quendas e unha quenda os martes, mércores, xoves e venres. O número de prazas por quenda é de 24 alumnos/as.

3.SERVIZO PLAN MADRUGA

Servizo Plan Madruga, xestionado tamén pola ANPA do Toural, funciona diariamente de luns a venres en horario de 07:30 a 08:45 con dúas modalidades:

-Usuarios/as que almorzan no centro

-Usuarios/as que usan o servizo pero xa veñen almorzados.

4. CAFETERÍA

O contrato de licitación da cafetería do CPI do Toural, depende da Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria. Este contrato de licitación vén regulado pola entrada en vigor de la Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, que categoriza os contratos de cafeterías escolares como servizos públicos.

A duración distes contratos serán para cada curso escolar, con posibilidade para a Administración Educativa de decidir a prórroga dos contratos, polo que é preciso executar unha licitación en aberto de ditos servizos.

O servizo de cafetería poderá ser usado por calquera membro da comunidade educativa do CPI do Toural.

O horario de funcionamento será: de 8:20 horas a 14:20 h en horario de mañá, e de 16:00 a 18:00 en horario de tarde dos luns.

- Persoa responsable da cafetería: Estefanía Janeiro González

- Características

O CPI do Toural está integrado na rede de escolas asociadas á UNESCO. Creada en 1953, a Rede de Escolas Asociadas á UNESCO (PEA), comunmente coñecida como Escolas Asociadas da UNESCO, é unha rede mundial de 10000 institucións educativas en 181 países.

O día 19 de novembro de 2015, aprobouse en Claustro solicitar a inclusión do noso centro dentro da rede de escolas asociadas á UNESCO, o que nos comprometeu a:

- Nomear a un coordinador que sirva de enlace entre a escola e a Comisión Nacional. A coordinadora do noso proxecto será a profesora Beatriz Martínez García.
- Levar a cabo os proxectos que figuran no formulario de solicitude
- Lograr que estudantes, pais, nais e mestres participen no proxecto
- Redactar un informe anual que describa en detalle o proxecto da escola e as demais actividades que executaran no marco da redPEA (este informe debe remitirse ao Coordinador Nacional da redPEA).

As entidades que a integran, que van dende centros de ensinanza preescolar, primaria e secundaria ata escolas de formación profesional e institutos de capacitación de docentes, que traballan en pro da comprensión internacional, a paz, o diálogo intercultural, o desenvolvemento sostible e a posta en práctica da educación de calidade.

O noso centro forma parte desta rede dende o 5 de outubro de 2016.

3. SINAIS DE IDENTIDADE

Os sinais de identidade son entendidos como o conxunto de principios que caracterizan ao noso centro, que definen o que somos e que orientan todas as nosas actuacións.

3.1 CONFESIONALIDADE

O Centro Público Integrado do Toural é de titularidade pública, polo tanto declárase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas relixiosas e ideolóxicas de tódolos membros da comunidade escolar. A existencia da relixión no noso centro ven marcada polo currículo oficial establecido polas administracións educativas, ofertando relixión católica e evanxélica ao alumnado cuxos pais e nais así o soliciten garantindo sempre que, fóra de esa elección persoal, a ningún membro da comunidade educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento en calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

3.2 LINGUA DE APRENDIZAXE

Como centro debemos garantir o respecto e o uso da lingua galega no centro, transmitindo ao alumnado a idea da riqueza que supón contar cunha lingua propia que nos define como pobo. A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos e a verdadeira forza que nos une e aporta identidade común.

É por iso que no proceso de ensinanza aprendizaxe debemos respectar a lingua materna dos alumnos, realizando o proceso de ensinanza da lectoescritura na lingua maioritariamente falada entre os alumnos, que é o Galego.

O centro velará polo uso normal e non discriminatorio das dúas linguas oficiais: Galego e Castelá.

3.3 COEDUCACIÓN

Tal como se establece na Lei 7/2004, do 16 de xullo, a Lei galega para a igualdade de mulleres e homes, no seu capítulo I A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes, nos seus artigos 9º, 10º, 11º e 12º.

Os centros educativos debemos rexernos polo principio de igualdade, traballando pola eliminación das discriminacións por razóns de sexo e xénero.

A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e

os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

3.4. LIÑA METODOLÓXICA

Claves para definir o modelo de centro que queremos, un centro que :

1. Fomente as habilidades sociais
2. Incentive a creatividade
3. Abrace a diversidade
4. Potencie o rigor científico e a experimentación
5. Traballe por proxectos
6. Aposte polo plurilingüismo
7. Personalice as aprendizaxes
8. Basea a ensinanza nas novas tecnoloxías
9. Promove a educación emocional
10. Educa persoas críticas e con iniciativa

A escola debe pasar de ser un centro onde se imparte coñecementos, a unha institución que **MOVILIZA AS APRENDIZAXES** creando contextos onde se podan desenvolver as competencias do alumnado en base a estas liñas metodolóxicas:

- Aprender a aprender. Optamos por unha liña metodolóxica activa, na que o alumno/a aprenda observando, analizando, actuando, e o profesorado asuma un papel de mediador, motivador e facilitador das aprendizaxes. Apostamos polo traballo por proxectos, facilitador do desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

- As aprendizaxes significativas e funcionais, fomentando no alumnado unha actitude curiosa, crítica, reflexiva e investigadora como base da súa formación e do desenvolvemento das competencias clave.

-A aprendizaxe Cooperativa, como liña metodolóxica que marque a organización da aula, os procesos de ensino e aprendizaxe e contribúa ao desenvolvemento de certas competencias clave .

-Individualización da ensinanza, respectando e prestando atención ás diferenzas individuais, procurando deseñar respostas educativas axeitadas á diversidade e ás necesidades reais do noso alumnado.

-Traballo interdisciplinar e de coordinación entre o profesorado das diferentes etapas e niveis, garantindo unha coherencia curricular e pedagóxica a través das tres etapas educativas.

- O traballo por proxectos. Os centros educativos teñen que pasar de ser centros onde se imparten coñecementos, a institucións que mobilicen as aprendizaxes. A aprendizaxe pasa a ser ubicuo: a todas horas e en calquera parte. O profesorado, de transmisores de coñecementos, pasan a ser persoas que deseñan experiencias de aprendizaxe. O alumnado investiga, multiplica capacidade en equipo e aprende a aprender.

3.5. VALORES TRANSVERSAIS

Comprometidos cunha educación baseada nos principios, actitudes e valores básicos dunha sociedade democrática onde, partindo da riqueza que ofrece a interculturalidade no noso centro, o respecto, a solidariedade, a xustiza, e a tolerancia, marquen o clima de convivencia.

Estes Elementos transversais no currículo son:

- A inclusión das persoas con discapacidade
- A igualdade de oportunidades e non discriminación
- A igualdade efectiva de homes e mulleres e prevención da violencia de xénero
- A Convivencia
- Prevención de racismo, xenofobia ou calquera forma de violencia
- Prevención de discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero (LGBTI)
- Espírito emprendedor
- Cidadanía global

Esta educación en valores, con contidos transversais, obriga a manter un plantexamento interdisciplinar, con metodoloxías abertas e flexibles e coa participación activa de toda a comunidade educativa ao longo das tres etapas

-Aceptando os principios recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

-Promovendo unha convivencia baseada na participación, o pluralismo, a tolerancia, o respecto e a aceptación mutua dos principios establecidos na nosa Constitución.

-Poñendo en práctica os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.

En base ó anteriormente exposto o noso centro concibe a educación como:

- Unha educación na liberdade e para a liberdade na procura da formación de persoas críticas e libres.
- Unha educación na que se estimule a curiosidade e creatividade na persoa.
- Unha formación rexida polos principios de Coeducación: Traballando pola eliminación das discriminacións, a eliminación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre mulleres e homes.
- Unha educación que respecte as diferenzas individuais e teña presente a diversidade.
- Unha educación que favoreza a inclusión e garanta o principio de normalización e non discriminación.
- Unha intervención educativa de calidade, dende un centro público, cunha importante función compensadora que faga que o noso centro atenúe as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos, etc.
- Unha educación intercultural, entendendo a multiculturalidade das nosas aulas como un sinal de identidade, como riqueza e como reto.

3.6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco do DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Partimos da realidade de que o alumnado escolarizado no noso centro non é homoxéneo, ten intereses diversos, estilos de aprendizaxe distintos, experiencias, capacidades e niveis de coñecemento diferentes. Por estes motivos, dende o Centro, e máis concretamente dende a aula, debemos dar resposta a esa diversidade optando por unha proposta metodolóxica e organizativa que poda responder a todas as necesidades educativas do alumnado dentro do marco dos obxectivos xerais e de a programación correspondente.

A orde de actuación para atender a esta diversidade será a que segue:

- Prevención.
- Reunións co centro adscrito para recoller información sobre o alumnado de nova incorporación con necesidades específicas.
- Detección de dificultades por parte do profesorado.
- Aplicación de medidas ordinarias para solucionar as dificultades do alumnado.
- Se tras a aplicación destas medidas, o alumno/a non avanza de forma axeitada, solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para que realice unha avaliación psicopedagóxica, encamiñada a dar a resposta máis axustada posible ao alumno ou alumna que presente necesidades educativas específicas e que, polo tanto, necesite de medidas de apoio extraordinarias.
- En caso de que exista posibilidade de necesidade educativa moi específica, o Departamento de Orientación solicitará a intervención do Equipo de Orientación Específico ou derivará ao alumno ou alumna ao especialista médico correspondente.
- Os apoios educativos ordinarios e específicos poranse en práctica tan pronto como se detecten as necesidades.

Medidas ordinarias

Segundo o decreto citado, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

No CPI do Toural entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- ✓ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, desdobres, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- ✓ Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- ✓ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- ✓ Desdobramentos de grupos e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No noso caso intentarase:

- Distribuír os horarios para facilitar desdobres e grupos de reforzo, especialmente, nas áreas instrumentais de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas en 1º e 2º de ESO. No caso de alumnado de altas capacidades os programas de enriquecemento curricular realizarase, inicialmente, dentro das sesións ordinarias da materia, pero se o cadro de persoal do centro o permitise incluíranse desdobres, especialmente nas áreas de linguas e Matemáticas, co fin de favorecer o máximo rendemento deste alumnado.
- Organizar, sempre que sexa posible, os reforzos para que sexan impartidos por profesorado especialista da materia a reforzar.

- A organización do horario do profesorado para facilitar a coordinación entre os profesionais que imparten o desdobre no mesmo grupo de alumnos e/ou o reforzo.
 - Organizar o horario da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe para que, una vez atendidas as necesidades educativas específicas, poida ocuparse doutras necesidades de apoio ou reforzo.
- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial que se centrará no seguimento grupal e individual do alumnado.

Coordinación no Centro de todos os programas destinados á atención á diversidade:

- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, recollido no POAP.
- Programas de recuperación, recollidos nas programacións dos distintos Departamentos Didácticos.
- Programas específicos personalizados, custodiados no Departamento de orientación.
- Programas de habilidades sociais, recollido no PAT.
- Plan de Acolida do alumnado, recollido no PE do centro.
- Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade o Decreto 229/2011 contempla as aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

-Reforzo educativo sen apoio

Son medidas que o propio profesor/a diseña e aplica con aquel alumnado que ten dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, tarefas de ampliación, ...).

Reforzo con apoio educativo por parte do profesorado do centro con horario dispoñible

Esta medida contempla o apoio de profesorado do centro nas áreas instrumentais.

Porase en funcionamento ao comezo de cada curso en función das dispoñibilidade horaria do profesorado, coa colaboración, se o seu horario o permite, do profesorado de PT e AL.

-Reforzo educativo con apoio por parte do profesorado especialista

Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios establecidos neste plan, será necesario que así o determine o informe e/ou avaliación psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación.

O procedemento para a demanda de intervención do servizo de orientación, cando o titor ou titora detecte un problema é o seguinte:

Comunicado do profesor á Xefatura de Estudos do centro da necesidade de intervención.

Comunicado desa demanda á Xefa do DO por parte da Xefatura de Estudos.

Cubrir, por parte do titor ou titora, o impreso de información no que se recollen as observacións do problema detectado na aula.

Proceso de avaliación, informe e proposta de intervención, se é o caso.

Os pais estarán informados de todo o proceso e darán a súa autorización para levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas.

Os titores/as tamén poderán facer a demanda de intervención do servizo de orientación, directamente á Xefa do Departamento de Orientación do Centro.

-Medidas extraordinarias

No marco do decreto que regula a atención á diversidade do alumnado, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización das familias, da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

No CPI do Toural entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade inclúense:

-Exencións da Segunda Lingua Estranxeira. En 1º de ESO a proposta do centro de Primaria adscrito, tras a valoración do alumnado candidato por parte do Departamento de Orientación e tendo en conta a opinión do profesorado de área, tras os resultados reflectidos pola avaliación inicial. En 2º de ESO concederáse ao alumnado xa exento en 1º de ESO.

-Adaptacións curriculares. Realizaranse unha vez esgotadas outras medidas de atención a diversidade incluída a repetición de curso, agás para o alumnado procedente de Primaria que xa trae o currículo adaptado da anterior etapa, neste caso darase continuidade á medida.

-Agrupamentos flexibles. Este curso non están previstos.

-Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe

-Flexibilización da duración do período de escolarización, para o alumnado de incorporación tardía, se fose necesario.

-Atención educativa (domiciliaria ou hospitalaria) ao alumnado que, por circunstancias de saúde, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

-Grupos de adquisición das linguas. O CPI do Toural recibe con frecuencia alumnado con descoñecemento das dúas linguas cooficiais, polo que se valorará cada caso no momento da acollida e se aplicarán as medidas de atención tanto ordinarias como

extraordinarias que se estime oportuno e que nos permita facer o cadro de persoal do centro.

-Fragmentación do curso en 3º e 4º da ESO.

-Outros Plan e programas

No CPI do Toural solicitamos cada curso as seguintes liñas de intervención dos Contratos Programa:

1. Programa de reforzo, orientación e apoio (PROA)
2. Programa de prevención do abandono temperán e do absentismo escolar
3. Programa de reforzo das competencias clave en 3º e 4º da ESO
4. Mellora da convivencia e promoción da igualdade
5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

ATENCIÓN Ó ALUMNADO INMIGRANTE

Regulado pola Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establece as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

A intervención con este alumnado queda recollida no Plan de Atención ó Alumnado Inmigrante que o noso centro ten deseñado. Este plan contempla por unha parte as actuacións no momento da chegada do alumno, recollidas no Plan de Acolida, e as directrices para a intervención do profesor de apoio a minorías na aula específica.

4. XESTIÓN DO NOSO CENTRO E ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Garantiremos a participación activa de tódolos membros, a través dos representantes elixidos democraticamente polos integrantes da comunidade escolar.

Trátase de levar a cabo unha xestión democrática e participativa na que pais, profesores, alumnos e persoal non docente colaboren de xeito real e efectivo na vida e funcionamento do centro respectando as leis e normas aprobadas.

Esta participación faise efectiva a través do funcionamento dos diferentes órganos:

- Consello Escolar Municipal
- Consello Escolar do Centro
- Claustro de profesores
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Equipo de Dinamización Lingüística

-Equipo de actividades extraescolares e complementarias

-Comisión de convivencia

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Recóllese a continuación o modo en que se organizan e coordinan os equipos, os cargos, os servicios e órganos de goberno do noso centro, establecido polo DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

4.1. ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO

Os órganos de goberno dos centros públicos integrados serán os previstos no título II da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes.

Velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e pola configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Ademais, no ámbito da súa competencia, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos ó alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos e persoal da administración e servicios. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

A xestión e organización dos órganos de goberno e de coordinación destes centros rexeráse polo disposto neste regulamento, sen prexuízo doutras normas concordantes que lles sexan de aplicación.

Os centros públicos integrados terán os seguintes órganos de goberno:

- Unipersoais: director, xefe de estudos de educación infantil e primaria, xefe de estudos de educación secundaria e secretario.
- Colexiados: Consello Escolar e Claustro de Profesores.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

No C.P.I. do Toural son os que a continuación se relatan, constituíndo o equipo directivo e realizando as súas funcións de xeito coordinado para dar coherencia a tódalas actuacións do centro.

-Director/a: responsable, en xeral, do funcionamento e xestión do centro.

-Xefa/e de Estudos de primaria: responsable da coordinación das actividades académicas e organización do alumnado de primaria.

-Xefe/a de Estudos de Secundaria: responsable da coordinación de actividades académicas e organización do alumnado de secundaria.

-Secretario/a: responsable das tarefas administrativas do centro, actuando como secretario nos órganos colexiados do centro.

ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos colexiados son:

- Claustro de profesores: É o órgano a través do que participa o profesorado no goberno do centro na planificación, coordinación e toma de decisións sobre aspectos docentes. Está integrado pola totalidade de profesores do centro e a súa asistencia será obrigatoria. Reunirse en sesión ordinaria ó comezo e final de curso, unha vez ó trimestre e cada vez que o equipo directivo o considere oportuno ou o solicite alomenos un tercio dos seus membros.
- Consello Escolar: É o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. No noso caso como Centro Público Integrado, de máis de oito unidades e computándose para estes efectos as unidades de Educación Infantil, o Consello Escolar está composto por:
 - O/A director/a, funcionando como presidente/a.
 - A/O xefa/e de estudos de educación infantil e primaria.
 - O/A xefe/a de estudos de educación secundaria
 - Un concelleiro do Concello de Vilaboa.
 - Seis profesores/as elixidos polo Claustro.
 - Tres pais/ nais do alumnado.
 - Tres alumnos/as do centro.
 - Un/unha representante do persoal non docente.
 - O/A secretario/a do centro, que actuará como secretario/a do Consello Escolar, con voz e sen voto.

4.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

1. DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Son os órganos básicos de participación docente no ámbito pedagógico da educación secundaria no noso centro.

Son os encargados de organizar e desenvolver, en equipo, as ensinanzas propias das áreas ou materias a través das concrecións do currículo e as programacións didácticas.

Están compostos por tódolos profesores/as que imparten ensino propio das áreas ou materias asignadas ó departamento.

2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Trátase do órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos docentes. Esta comisión está composta no noso centro por:

- O/A director/a, que será o/a presidente/a.
- A/O xefa/e de estudos de infantil e primaria
- O/A xefe/a de estudos de educación secundaria
- Os/As xefes/as dos departamentos didácticos.
- O/A coordinador/a do equipo de dinamización lingüística.
- A/O mestre especialista en Pedagogía Terapéutica de primaria educación primaria.
- A/O mestre especialista en Pedagogía Terapéutica de primaria educación secundaria.
- A persoa encargada da coordinación de educación infantil.
- Tres coordinadores/as de educación primaria.

3. EQUIPO DE TITORES

Será o contexto onde se coordinen as actuacións dos titores/as de cada grupo de alumnos, dada a importancia que ten a función titorial e orientación do alumnado e que debe desenvolverse ó longo das etapas e ciclos.

Para elo, o/a xefe/a de estudos intentará organizar nos horarios dos titores/as, unha hora de reunión semanal dos titores/as co Departamento de Orientación e a xefatura de estudos, co fin de coordinar e apoiar o traballo dos titores segundo o Plan de Acción Titorial deseñado para primaria e para secundaria.

4. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A súa principal función é potenciar o uso da lingua galega.

Está constituída polos seguintes membros:

- Un profesor/a de primaria.
- Unha profesora de educación infantil.
- Un profesor/a de educación secundaria.
- Tres alumnos/as.
- Un membro do persoal non docente.

5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de orientación do CPI do Toural comezou a funcionar no curso 1999-2000.

O Departamento de Orientación está constituído por:

- Unha profesora de secundaria, da especialidade de pedagogía e psicoloxía, que exerce as funcións de xefa do departamento de orientación.
- Profesora de apoio de primaria.
- Profesor de apoio de secundaria.
- Mestra especialista de audición e linguaxe

6. EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

- Terán carácter de **extraescolares** aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobado polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.
- Terán carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan (visitas, viaxes de estudo, traballos de campo, conmemoracións e outras semellantes.)

Actividades realizadas fóra da localidade.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar, polo menos, cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do Consello Escolar.
- b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos que están baixo a responsabilidade paterna, ou titor legal ou ordinario ou persoa que ostente a garda e protección do menor.
- c) Os alumnos serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor por cada unidade. Poderá un profesor acompañar máis dunha unidade sempre e cando o total de alumnos non pase os 25 ou 30, segundo sexan de educación infantil ou primaria, ou secundaria, respectivamente.

Este equipo é o encargado de promover, coordinar e organizar as actividades extraescolares e complementarias do centro.

O/A xefe/a do equipo de actividades extraescolares e complementarias, que será preferentemente un profesor definitivo no centro, será o encargado/a de elaborar a programación ao inicio de curso, que formará parte da PXA e da memoria final de actividades.

A súa colaboración será estreita co equipo directivo e o profesorado implicado en cada actividade.

4.3. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

A participación na xestión dos centros dos pais, nais ou titores legais ou ordinarios do alumnado, así como das persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, profesorado, persoal de administración e servicios e do concello, realizarase a través do Consello Escolar, sen prexuízo das funcións propias do Claustro de Profesores, consonte o previsto na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros públicos, nos regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria, das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e neste regulamento.

Os profesores, pais e nais ou titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, de tódalas etapas educativas que se impartan no centro, poderán optar en igualdade de condicións á representación no Consello Escolar do centro, nos termos e nas condicións que se establecen neste regulamento.

Os pais, nais e titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, poderán tamén participar no funcionamento dos centros a través das súas asociacións, na que a máis representativa de cada centro poderá propor un dos representantes do sector correspondente no Consello Escolar, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei orgánica 9/1995.

Os/As alumnos/as de educación secundaria optarán á representación que lles corresponda no Consello Escolar do centro así como na xunta de delegados/as, nos termos e nas condicións que se establecen neste regulamento, así como tamén poderán participar no funcionamento do centro e nos termos que se establezan, a través das súas asociacións e outros órganos de participación.

1. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS

A asociación de pais e nais de alumnos colabora no funcionamento do centro do seguinte xeito:

- É a encargada de ofertar, organizar e xestionar actividades extraescolares existentes no centro polas tardes.
- Colabora nas saídas e actividades escolares e calquera outras que se consideren de interese para o alumnado.
- É a encargada da xestión do servizo de comedor escolar e o Plan Madruga.
- Mantén un contacto e colaboración fluída co equipo directivo do centro.

2. XUNTA DE DELEGADOS E DELEGADAS

Esta xunta de delegados e delegadas, estará integrada polos delegados ou delegadas dos cursos do terceiro ciclo da educación primaria e da educación secundaria, elixidos polo alumnado de cada aula e os representantes de alumnado no Consello Escolar.

Funcións

Reguladas polo artigo 83º do DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os Centros Públicos Integrados de ensinanzas non universitarias. Son funcións das xuntas de delegados de alumnos e alumnas as seguintes:

- a) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- b) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, por iniciativa propia ou por petición daquel.
- c) Informa-los representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- e) Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informa-los alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.
- g) Formularlles propostas ós xefes de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares para a súa organización.
- h) Debate-los asuntos que vaia trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar pro- postas de resolución ós seus representantes nel.
- i) Aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas normativamente.

Funcionamento

A xunta de delegados reunirase cando sexa necesario por algunha necesidade de toma de decisións por parte do alumnado, sempre que sexa informado o equipo directivo ou cando sexan convocados polo equipo directivo.

Para elo os delegados e delegadas contan coa sala de reunións que se atopa na sala anexa á dirección.

5. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

É imprescindible que sexa coñecido e entendido polos diferentes membros da comunidade educativa, quedando aberto a discusión e revisión permanente a través dos órganos de participación correspondentes.

Para a súa difusión, usaremos as seguintes formas:

- Edición do documento que estará a disposición de toda a comunidade educativa, especialmente do Claustro e Consello Escolar.
- Edición parcial do mesmo, cos aspectos que se consideren relevantes, para distribuílo entre as familias nas reunións iniciais de curso e durante os procesos de admisión e matrícula.
- Edición na web do Centro
- Mantemento dunha comunicación constante entre o Equipo Directivo e a Directiva da ANPA do Toural.
- Promoción de debates no Claustro de Profesores e Consello Escolar, para revisalo e melloralo continuamente.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DESTE PROXECTO EDUCATIVO

A propia actividade docente, as características e necesidades cambiantes do noso centro, a diversidade do alumnado, tanto nas súas características persoais como nos seus distintos ritmos e formas de aprendizaxe, obríganos a ofrecer respostas educativas, sendo imprescindible que as decisións que adoptamos sexan revisadas constantemente, co obxecto de comprobar si resultan capaces de responder ás novas demandas. Por iso o PEC, o proxecto onde se enmarcan o resto de plans e programas, ha ter un carácter dinámico e fundamentalmente funcional.

Na súa avaliación, que terá unha finalidade formativa, utilizaremos dúas fórmulas:

- a) A través do deseño, aplicación e avaliación obtida da Programación Xeral Anual. Nas memorias correspondentes, avaliaremos as accións que se desenvolven, a asignación de recursos para cada acción, a súa temporalización, organización e eficacia, permitindo o control formativo e a avaliación sumativa.
- b) Mediante o control periódico e sistemático dalgúns elementos ou indicadores que se sinalaron como prioritarios e relevantes, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e discutidas posteriormente en Claustro e Consello Escolar.